

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
3 ABRIL2022

Misericordia é: DÍA de perdón.
Non condenes, desculpa e
comprende!

1. VER: Un xogo e un conto

-Contamos a **historia do saco do carbón**: Pedro entrou na súa casa pateando e contando a seu pai que o seu amigo Alberte o tiña humillado fronte ao seu amigos e por iso desexáballe todo tipo de males.

O pai propúxolle coller un saco de carbón e tirar un carbón por cada desexo malo a unha camisa branca como se fose Alberte. Así o fixo.

Á camisa chegaronlle poucos carbóns pero el estaba todo negro. E é que o mal que desexamos aos outros devólvense multiplicado en nós.

Que nos di o conto?

2. XULGAR: Xesús non condena e perdoa.

-No evanxeo de hoxe uns homes levan a Xesús unha muller casada que foi infiel (=adúltera). E, con mirada vingativa, preguntan a Xesús que lle parece aplicarlle a lei xudía de apedrar a esta clase de pecadores. El contéstalles que *“o que estea sen pecado que*

tire a primeira pedra". Ponse a facer garabatos escribindo no chan, eles van liscando e Xesús dille: "Muller, tampouco eu te condeno. Anda e en adiante non peques máis".

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- É moi fácil condenar unha persoa:** e cantas críticas facemos, canto dano podemos facer.
- Non xulgues a ninguén e respecta a todos,** iso si, condena as malas accións. Xesús ante os acusadores toma posición, a ela acóllea.
- Xesús en vez de condenar perdoa,** dá outra oportunidade, anima ao cambio e devólvelle a dignidade perdida. Cancela o seu pecado e ela comeza una vida renovada (non adulterada).

*Cando me sentín eu acusador ou acusado?
Que palabras escribiría Xesús no noso corazón?
Pos limites ao teu perdón a alguén?*

3. ACTUAR: Non condenes, desculpa e comprende!

- Prepara ben o **sacramento da misericordia.** Escribe no teu corazón: paz, amor, perdón, amizade, Deus, misericordia.
- Reza o Noso Pai:** perdoa como nós perdoamos, non nos deixes caer na tentación, líbranos do mal.
- Sé máis comprensivo cos fallos alleos,** supera costumes machistas cara a muller, abre os ollos a tantos corazóns rotos que hai ao t u redor. Pon paz e perdón onde estas.

*Que vas facer?
E como grupo?*

LECTURAS

ISAÍAS 43,16-21:*Mirade que realizo algo novo; darei de beber ao meu pobo.*

Isto di o Señor, que abriu camiño no mar e unha senda nas augas impetuosas; que sacou a batalla carros e cabalos, a tropa e os heroes: caían para non levantarse, apagáronse como mecha que se extingue.

« Non lembredes o de outrora, non pensedes no antigo; mirade que realizo algo novo; xa está abrollando, non o notades?

Abrirei un camiño no deserto, correntes no ermo. Glorificaranme as bestas salvaxes, chacais e avestruces, porque poñerei auga no deserto, correntes na estepa, para dar de beber ao meu pobo elixido, a este pobo que me formei para que proclame a miña loanza».

? **SAL.125:**

?

O Señor estivo grande connosco, e estamos alegres.

• **FILIPENSES3,8-14:**

• *Por Cristo perdino todo, morrendo a súa mesma morte.*

Xoán. 8, 1-11: O que estea sen pecado...

Narrador: Naquel tempo, Xesús retirouse ao monte das Oliveiras. Ao amencer presentouse de novo no templo, e todo o pobo acudía a el, e, sentando, ensinábaos. Os escribas e os fariseos trouxéronlle una muller sorprendida en adulterio, e, colocándoa no medio, dixéronlle:

Fariseos:- « Mestre, esta muller foi sorprendida en flagrante adulterio. A lei de Moisés manda apedrar as adúlteras; ti, que dis? ».

Narrador: Preguntáballe isto para comprometelo e poder acusalo. Pero Xesús, inclinándose, escribía co dedo no chan. Como insistían en preguntarlle, incorporouse e díxolles:

Xesús: -«O que estea sen pecado, que lle tire a primeira pedra».

Narrador: E inclinándose outra vez, seguiu escribindo. Eles, ao oílo, foron liscando un a un, empezando polos máis vellos. E quedou só Xesús, coa muller no medio, que seguía alí diante. Xesús incorporouse e preguntoulle:

Xesús: -« Muller, onde están os teus acusadores?; ningún te condenou? ».

Narrador: Ela contestoulle:

Muller: -« Ningún, Señor ».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -« Tampouco eu te condeno. Anda, e en adiante non peques máis ».

PALABRA DO SEÑOR.

(Narrador – Fariseos – Xesús - Muller)